



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
REL:MU2000/15

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONTRATACIÓN DE 4 SOCORRISTAS PARA PRESTAR O SERVIZO DE VIXILANCIA, SALVAMENTO E SOCORRISMO NAS PRAIAS DO CONCELLO DE PONTECESO

**EXPEDIENTE:**2021/G003/000461

### ANTECEDENTES:

Este Concello de Ponteceso realizou un proceso de selección de persoal, mediante o sistema de oposición-concurso, para a contratación, como persoal laboral temporal, de 10 socorristas por un período de dous meses para prestar o Servizo de vixilancia, salvamento e socorrismo nas praias de Ponteceso, entre persoas que tiñan a condición de desempregados e a súa inscrición vixente como demandantes de emprego e de entre os candidatos preseleccionados e remitidos a este concello polo Servizo Público de Emprego de Galicia (nº oferta de emprego 12-2021-4813), ao abeiro da Orde de 12 de abril de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais (DOG núm. 73 do 20 de abril de 2021), e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.

As contratacións están suxeitas á lexislación laboral, contrato por obra ou servizo determinado de interese social.

O proceso selectivo realizouse consonte ás bases aprobadas pola resolución desta Alcaldía núm. 397/2021, de data 24/06/2021, publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e no da sede electrónica municipal na mesma data.

Logo de ver a resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade do 23-06-2021 (con R.E. 20210000001073 do 28-06-21) de concesión da subvención ao Concello de Ponteceso por importe de 20.399,88 euros, para a contratación de 6 socorristas por un período de 2 meses.

Rematado o proceso selectivo, a tribunal avaliador, nomeado pola resolución de Alcaldía núm. 409/2021 do 29-06-2021, elevou a proposta, acordada na reunión celebrada na data 02-07-2021, que é do seguinte teor literal:

*“Polo que á vista das puntuacións outorgadas, tanto na fase oposición coma na de concurso, foron as seguintes:*

| PUNTUACIÓN TOTAIS |                                |           |           |           |          |       |
|-------------------|--------------------------------|-----------|-----------|-----------|----------|-------|
| Nº                | Apellidos e Nome               | DNI       | 1º Exerc. | 2º Exerc. | CONCURSO | TOTAL |
| 1                 | ALVAREZ PABÓN,<br>LUIS ENRIQUE | ***3840** | 10        | 7         | 3        | 20    |
| 2                 | IGLESIAS FRAGA,<br>MARTÍN      | ***8648** | 8         | 9         | 0        | 17    |
| 3                 | SANTIAGO FERREIRO,<br>ELOY     | ***2941** | 7         | 9,5       | 0        | 16,50 |
| 4                 | TEIRA TEIXEIRA,<br>ELENA       | ***8483** | 10        | 8,5       | 0        | 18,50 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo.  
Código de Verificación Dixital (CVD) específico do documento: 8483\*\*  
(artigo 42.b da Lei 1/2013, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

*Polo que o tribunal declara aprobados ós seguintes aspirantes, ordenados pola orde decrecente da puntuación obtida, elevando á alcaldía a proposta de contratación a favor dos seguintes:*

1. ALVAREZ PABÓN, LUIS ENRIQUE
2. TEIRA TEIXEIRA, ELENA
3. IGLESIAS FRAGA, MARTÍN
4. SANTIAGO FERREIRO, ELOY

Logo de ver a documentación presentada en prazo polos candidatos propostos, en cumprimento da base 8 das de selección, aprobadas por resolución de Alcaldía núm. 397/2021, de data 24/06/2021, cos seguintes números de Rexistro de Entrada: R.E. 202100000001115 do 5 de xullo de 2021, IGLESIAS FRAGA, MARTIN; R.E. 202100000001117, do 5 de xullo de 2021, TEIRA TEIXEIRA, ELENA; R.E. 202100000001118 do 5 de xullo de 2021, ALVAREZ PABON, LUIS ENRIQUE; R.E. 202100000001120 do 6 de xullo de 2021, SANTIAGO FERREIRO, ELOY.

Logo de ver o informe de fiscalización de Intervención favorable con observacións con data do 07-07-2021.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación de réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Contratar aos candidatos propostos polo tribunal cualificador do proceso de selección de 10 socorristas para prestar o Servizo de vixilancia, salvamento e socorrismo nas praias de Ponteceso, consonte á proposta acordada na reunión celebrada o 02-07-2021 e de conformidade co establecido nas bases do procedemento selectivo, como persoal laboral temporal, por un período de dous meses, cos efectos iniciais do 8 de xullo de 2021 e cun salario bruto a percibir de 1.262,06 euros brutos/mes, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias, estando formada polas seguintes persoas e na seguinte orde de prelación:

1. ALVAREZ PABÓN, LUIS ENRIQUE, con DNI \*\*\*3840\*\*
2. TEIRA TEIXEIRA, ELENA, con DNI \*\*\*8463\*\*
3. IGLESIAS FRAGA, MARTÍN, con DNI \*\*\*8648\*\*
4. SANTIAGO FERREIRO, ELOY, con DNI \*\*\*2941\*\*

As contratacións estarán suxeitas á lexislación laboral, modalidade de contrato por obra ou servizo determinado de interese social ao abeiro da base 2 das de selección, aprobadas por resolución de alcaldía núm. 397/2021, de 24 de xuño

**SEGUNDO:** Publicar esta resolución na páxina web municipal, no taboleiro de anuncios do Concello e no da sede electrónica municipal, e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electronicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, a secretaria en réxime de acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde,

A secretaria  
(en réxime de acumulación)



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Xosé Lois García Carballido

Cristina Varela García